

ACTA Nº 47/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 2 de novembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 09:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local número 43/09, do 05/10/09 e número 44/09, do 13/10/09 a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 171/09 – D. ENRIQUE PIÑEIRO PAZOS, presenta estudo técnico para revestimento de fachadas en vivenda unifamiliar, sita no barrio do Piñeiro, núm. 128, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 14.08.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA REVESTIMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe da Deputación Provincial. A tenor deste só se poderán autorizar obras de conservación, hixiene e ornato destinaídas a garantir as mínimas condicións de habitabilidade, quedando prohibidas aquelas obras que conleven aumento de volumen, modificación de estrutura e/ou fachada ou consolidación, mellora ou ampliación da edificación.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada por un sistema viario.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación e ornato da edificación con chapeado de pedra na fachada principal e substitución da carpintería exterior así como enfoscado e pintado da fachada lateral esquerda así como a preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	103,30 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 157/09 – SAN MARTÍN, S.A. presenta proxecto para construción de gabia de canalización eléctrica de 17 m liñais para a conexión de dúas bombas de achique de 0'5 CV, a realizar parte na parcela sita na Avda. Marín, 224A, do barrio de Quintela-Moaña, e parte na beirarrúa da mesma avenida, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro industrial D. Joaquin Rodríguez Vázquez, visado o día 21.07.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO PARA CANALIZACIÓN ELÉCTRICA PARA BOMBAS DE ACHIQUE

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación técnica presentada.

Non require informes sectoriais.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	13,50 €
---------------------------------	---------

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €
Cartel de obra..... 110,00 €

2.C) EXPTE. 210/09 – D.^a MARÍA DEL CARMEN REGUEIRA FERNÁNDEZ, presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de local auxiliar da vivenda, a situar no barrio de Calvar Domaio, visado o 22 outubro de 2009 e firmado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego; superficie construída: 231,62 m², orzamento: 27.539,56 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE LOCAL AUXILIAR DE VIVENDA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na conservación dunha edificación auxiliar de vivenda e a simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación preservando o uso preexistente o cal prohibe calquer uso non complementario da edificación principal, en particular o residencial ou calquer uso de carácter principal que determina as NN. SS. de Planeamento Municipal.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....771,11 €
Taxas licenza urbanística..... 68,85 €
Cartel de obra..... 110,00 €

2.D) EXPTE. 56/08 – D. PABLO ANTEPAZO ROMERO, presenta proxecto de conservación de cuberta e saneamento de fachadas en edificación existente, sita na rúa Concepción Arenal, nº 17, Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 17.06.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE CUBERTA E SANEAMENTO DE FACHADAS.
(O.MAIOR)
SITUACIÓN: CONCEPCIÓN ARENAL

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino a manifestación de non existir inconveniente a execución da solicitude efectuada con data de 6/10/2009 para reparacións (substitución de táboas e puntais de madeira deteriorada pola humidade por outros novos, tamén de madeira), actuación que quedan sometidas as condicións impostas por este organismo.

A proposta resulta válida para resolver o expediente de reposición da legalidade 20/2009.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	200,63 € + 51,37 € = 252 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA

3.A) EXPTE. 177/09 – D. JOSE ÁLVAREZ SANTIAGO presenta proxecto de construción de muro de contención de parcela, sita no lugar de Couso, núm. 68 – Meira, cunha lonxitude nun tramo de 22,13 m. liñais e w m. de altura, e outro tramo de 15,31 m. liñais e 1,50 m. de altura, de conformidade co proxecto presentado, redactado pola arquitecta técnica D.^a Sara Silva Juncal, visado o día 20.08.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO:MURO DE CONTENCIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Non procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta resolución non autorizando a obra da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo- Delegación Territorial de Pontevedra.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	140,54 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador municipal.

3.B) DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA MENOR

EXPTE. 110/09 – D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ COSTAS presenta solicitude para peche lateral a base de bloques prefabricados, cunha lonxitude de 20 m. liñas e 2 m. de alto sobre muro de pedra existente da parcela sita no lugar da Ameixoadá, núm 89, Moaña. Orzamento: 841,60 €.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: MURO DE PECHE LATERAL (OBRA MENOR)

INFORME: Non procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta resolución non autorizando a obra da Xefectura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo- Delegación Territorial de Pontevedra.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	23,56 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

4.- APERTURAS

4.A) EXPTE. 33/09 – ISOJUSTO, S.L. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 5 de outubro de 2009, licenza de apertura para establecer un Comercio menor de produtos de perfumería e cosmética, na rúa As Barxas, 5, baixo.

Visto o informe do aparelador municipal do 27 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: COMERCIO MENOR DE PERFUMERÍA E COSMÉTICA

INFORME: Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituír un uso do solo. Uso compatible coa ordenación zonal.

A presente actividade de **comercio menor de perfumería e cosmética** resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, unha vez verificada polo técnico que suscribe, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura	350 €
-------------------------------------	-------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **ISOJUSTO, S.L** licenza para a implantación da actividade de **COMERCIO MENOR DE PERFUMERÍA E COSMÉTICA** no local situado na rúa As Barxas, 5 baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

4.B) EXPTE. 24/09 – XENACAR MOAÑA, S.L.L., representada por D. Eugenio Trigo España. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 21 de agosto de 2009, licenza de apertura para establecer un Lavado e limpeza de vehículos, na rúa Daniel Castelao nº 7, baixo, O Con,

Visto o informe do aparelador municipal do 27 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LAVADO E LIMPEZA DE VEHÍCULOS

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituir un uso do solo. Uso compatible coa ordenación zonal.

A presente actividade de **lavado e limpeza de vehículos** resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, unha vez verificada polo técnico que suscribe, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 350 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **XENACAR MOAÑA, S.L.** licenza para a implantación da actividade de **LAVADO E LIMPEZA DE VEHÍCULOS** no local situado na rúa Daniel Castelao, 7 baixo, O Con, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.- CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE APERTURA.

EXPEDIENTE 27/09 – D.ª MARÍA LUISA FERNÁNDEZ REGUEIRA

Vista a instancia presentada o día 13 de agosto de 2009 por Dona MARÍA LUISA FERNÁNDEZ REGUEIRA, na que expón que é a nova titular do negocio dedicado á actividade de peluquería de señoras e cabaleiros, sito na rúa Concepción Arenal, 174 baixo, e que dita licenza está a nome de D.^a María Lourdes Nogueira Currás, e solicita o cambio de titularidade,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 21 de outubro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 21.10.09, en relación coa solicitude presentada por Dna. MARÍA LUISA FERNANDEZ REGUEIRA, na data do 13.08.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de *PELUQUERÍA*, sito na rúa Concepción Arenal, nº 174 baixo, pertencente a D. MARÍA LOURDES NOGUEIRA CURRÁS, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de PELUQUERÍA, sito na rúa Concepción Arenal, nº 174 baixo, pertencente a María Lourdes Nogueira Currás, **Xunta de Goberno Local de data do 30.09.1963**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de PELUQUERÍA, sita na rúa Concepción Arenal, 174 baixo, pertencente a **D.^a MARÍA LOURDES NOGUEIRA CURRÁS**, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data 30.09.1963**, a favor de **D.^a MARÍA LUISA FERNÁNDEZ REGUEIRA**.

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE OBRA

EXPEDIENTE 15/08 – D.^a MARÍA SONIA SANTOMÉ CORRALES

Vista a instancia presentada o día 10 de agosto de 2009 por Don MANUEL FERVENZA COSTAS como administrador único da entidade mercantil PEÑA FERROL MORRAZO, S.L., na que expón que a empresa é titular da licenza de obras para a construción dunha vienda unifamiliar na parcela nº 1 no lugar De Quintáns, do barrio de Moureira-Meira, concedida por Xunta de Goberno do 25.02.08, nº de expediente 15/08. Expón tamén que o día 25.06.09 vendeu a parcela nº 1 con todos os seus dereitos a D.^a MARÍA SONIA SANTOMÉ CORRALES e solicita o cambio de titularidade á favor desta.

Visto o informe do aparelador municipal do día 30 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA

INFORME:

Atendendo o disposto no Artigo 13 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, as licenzas relativas as condicións dunha obra, instalacións ou servizo serán transmisibles, acción que deberá comunicarse a Corporación. En consecuencia, **procede cambio de titularidade de licenza a favor do peticionario**. Quedan subrogadas todas as condicións impostas pola licenza primitiva nº 15/08. Arquívese no inicial expediente

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de obra nº 15/08, pertencente a PEÑA FERROL MORRAZO, S.L. aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 25.02.08, a favor de **D^a MARÍA SONIA SANTOMÉ CORRALES**, subrogándose todas as condicións impostas na licenza primitiva e arquivándose no expediente inicial.

7.-PECHES

Vistos os expedientes instruídos a instancia do interesado que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

7.A) EXPTE. 16/09 – D.^a JOSEFA COLORET SANTOMÉ, presenta croquis de muro de peche a lindantes e a vía pública, situado en Piñeiro. Superficie do muro de peche a vía pública: 58,00 m², superficie do muro de peche a lindantes: 134,00 m²; orzamento das obras: 2.750 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE A LINDANTES E A VÍA PÚBLICA (OBRA MENOR)
INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Retranqueo do eixo da vía pública será de 4,00 metros, resto a lindantes.
Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, condicións as cales debe someterse.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	113,46 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

7.B) EXPTE. 120/09 – D. ÁNGEL RODRÍGUEZ PAZ solicita a construción de muro de peche medianeiro en parcela, de 15,25 x 2,00 m (30,50 m²) a base de bloques de formigón tipo “split”, encabezado a vía pública, no lugar dos Quinteiros, nº 185, do barrio de Quintela, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO:MURO DE PECHE A LINDANTES (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo-Delegación Territorial de Pontevedra.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	18,20 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

8.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D.^a MARIA JOSÉ VERDEAL NOGUEIRA, SOLICITANDO Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de Fiolledo, do barrio de Berducedo, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 356/2005, concedida pola XGL en sesión de data 17.07.2005).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 30 de outubro de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 356/05.

INFORME:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. José Antonio Muíños Acuña, o día 25 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 03 de maio de 2009; asinado polo arquitecto D. José Vázquez Estévez o día 25 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 13 de marzo de 2009.
- Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmuebles de natureza urbana. Modelo 902-N.
- Copia do acordo de concesión de Licenza de obra para o expediente núm. 356/05.

Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 356/2005, á súa promotora D^a. MARÍA JOSÉ VERDEAL NOGUEIRA, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

9.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

9.A) PRÓRROGA LICENZA DE OBRA EXPTE. 173/05

D. Francisco Javier Juncal Paredes, por escrito do 15 de outubro de 2009, expón que por non poder rematar as obras no período establecido na concesión da licenza, solicita unha renovación. A licenza é a correspondente ao expediente 173/05 e concedeuse por acordo da Xunta de Goberno Local do 16.08.2005.

Visto o informe do aparelador municipal do 27 de outubro de 2009 que literalmente di:

Ante a petición formulada por FRANCISCO JUNCAL PAREDES titular conxuntamente con MARIA LEILA LORENZO DURÁN dunha licenza (EXP.: 173/05) concedida en Xunta de Goberno Local do 16 de agosto de 2005 para un Proxecto básico de vivenda unifamiliar, a tenor do disposto no apartado 2 do artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza urbanística 402,56 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada nos termos reflectidos no informe do aparelador municipal.

9.B) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA-SERVIZO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de autorización de D. José Luis Vérez Fraguela para a realización de

instalacións deportivas ao aire libre en Domaio, expte.: A-PO 2009/29, para o que achega anexo documental e orzamentos,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de outubro de 2009, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Axencia de protección da legalidade urbanística da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, consecuencia da petición efectuada por **José Luis Vérez Fraguela (Expte.: A-PO 2009/29)** para a execución de unhas instalacións deportivas ao aire libre, concretamente unha piscina e unha pista de padel duns 200 M/2, este Concello de Moaña ten a ben informar que a tenor do determinado na Ordenanza 12 das NN. SS de Planeamento Municipal que adxuntamos os usos propostos na solicitude deben considerarse como prohibidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo ao Servizo provincial da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.**

9.C) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación do recoñecemento do dereito de usos privativos e inscrición no rexistro de augas, solicitado por D.^a Sheila Pequeño Couso, CLAVE: DH.B36.16042, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución-,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de outubro de 2009, que literalmente di:

Ante a solicitude de informe requerido pola Demarcación Galicia Sur de Augas de Galicia, relativo a unha petición formulada por **Sheila Pequeño Couso (clave DH.B36.16042)**, este Concello non opón condicionado algún a proposta de rega.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras – Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

9.D) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación de autorización para peche de parcela de zona de policía do rego dos Campos, lugar dos Piñeiros, parroquia de San Martiño de Moaña, no Concello de Moaña, solicitada por D. Esteban Paz Piñeiro, CLAVE: DH.W36.15949, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución-,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de outubro de 2009, que literalmente di:

Ante a solicitude de informe requerido pola Demarcación Galicia Sur de Augas de Galicia, relativo a unha petición formulada por **Esteban Paz Piñeiro (clave DH.W36.15949)**, este Concello non opón condicionado algún a proposta de peche de parcela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas – Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

10.- PROPOSTAS DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
ALCALDÍA	Servizo de transportes para actividade deportiva	Inmaculada Rodríguez Calvo	4520 22608 RC 1708	951,20 €
SERVIZOS SOCIAIS	Subministro castañas para magosto 2009	Agrícola Moañesa	3130 22620 RC 1691	750,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para eses gastos,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo os gastos tal e como se reflicte na taboa.

11.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se probe a relación de facturas nº 174 presentada pola Intervención municipal de data 27 de outubro de 2009, informada favorablemente pola Comisión de Facenda dese mesmo día, por importe de 90.404,25 euros, relación que comeza pola factura de FOLE OSORIO, Jesús Aser, polo importe de 28.000,00

euros e remata coa factura de SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A. polo importe de 581,60 euros, e que está integrada polos anexos:

- Anexo I: gastos que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos que contan con retención de crédito e proposta de gasto.
- Anexo III: gastos que non contan con tramitación contable,

Factura	PROVEDOR/A	Partida	Importe
2009-01	FOLE OSORIO, Jesus Asier	4220 62200	28.000,00
387550	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22299	187,51
290708	TELGA COMUNICAICONES, S.L.	2220 20900	89,27
1528	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	5110 20400	1.160,00
1527	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	5110 20400	1.160,00
1526	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	5110 20400	1.160,00
364	E.BERMUDEZ E HIJOS, S.L.	4513 22610	440,00
358	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	4513 22610	310,00
369	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	4513 22610	750,00
140265	AMOEDO FRAGUEIRO, S.L.	4513 22610	9.105,71
299	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	4520 22608	696,00
22	RODRIGUEZ CALVO, Inmaculada	4520 22608	928,00
13614	HIGIENE INTEGRAL MEDIOAMBIENTAL, S.L.	4520 21200	2.629,72
40	JUNCAL BARROS, Israel (Maikel & Best)	4520 22608	1.299,20
9009	URBASER, S.A.	4420 22608	17.933,32
290817	TELGA COMUNICAICONES, S.L.	2220 20900	89,27
85	ALMACEN CRISTALERIA MOAÑA, S.L.	4220 21200	638,00
18	EMPRESA MONFORTE, S.A.	2220 20400	948,00
J/8	EMPRESA MONFORTE, S.A.	2220 20400	948,00
2566	CARROCERIAS GIRALDEZ, S.L.	5110 21400	12.786,03
2567	CARROCERIAS GIRALDEZ, S.L.	5110 21400	2.231,52
403665	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22201	1.118,89
134	RODRIGUEZ ABAL, José Luis (Graf.Rias Baixas)	1210 22000	146,16
138	RODRIGUEZ ABAL, José Luis (Graf.Rias Baixas)	4520 22109	52,20
137	RODRIGUEZ ABAL, José Luis (Graf.Rias Baixas)	2220 22000	116,00
239	AGRICOLA ORENSANA, S.L.	5110 21400	331,02
2035	AGRICOLA ORENSANA, S.L.	5110 21400	248,07
335	AGROCAR, C.B.	4321 21900	38,38
111	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	1210 22002	43,20
78	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	4511 22002	23,00
10020	S.E. DE CARBUROS METALICOS, S.A.	5110 20300	393,00
4370	S.E. DE CARBUROS METALICOS, S.A.	5110 22109	167,91
878873	S.O. RIAS BAIXAS, S.L.U. (Canon)	3130 22003	40,72

877875	S.O. RIAS BAIXAS, S.L.U. (Canon)	3130 22003	45,92
89	CHAPELA BARROS, José (Ferretería O Muelle)	4520 22109	67,41
487	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4320 22000	10,00
480	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4520 22611	49,57
288	KOPIAK MOAÑA, S.L.	7510 22109	54,00
483	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	10,24
478	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22002	35,80
4986	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	1,30
4985	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4513 22000	1,80
3428	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	2221 21400	127,86
1920	SANCHILAN, S.L.	2220 21400	7,50
1919	SANCHILAN, S.L.	2220 22700	5,00
1573	SANCHILAN, S.L.	2220 22700	13,00
1594	SANCHILAN, S.L.	2221 22103	24,50
60	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	1210 22603	326,41
38	PORTELA MARCOS, Manuel (Sum.Navles O Con)	2221 22109	341,00
1157791	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA	3130 22200	71,37
1200410	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA	3130 22200	52,94
1244365	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA	3130 22200	58,77
370	EXTINTORES MARINEX, S.L.	4520 22701	56,48
267	EXTINTORES MARINEX, S.L.	anexo	1.194,20
382009	AREAL CODESEDA, Plácido	4420 21000	423,40
54	COUSO CHAPELA, Cándido José	4130 22701	65,00
14	FONCAL MORRAZO, S.L.	4520 21200	81,20
51	FONCAL MORRAZO, S.L.	4511 21200	58,00
52	FONCAL MORRAZO, S.L.	4511 21200	104,40
4943	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4513 22000	184,45
4945	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22000	1,80
4941	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	80,36
285	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4520 22109	1,71
289	KOPIAK MOAÑA, S.L.	6110 22000	59,16
403659	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	1210 22299	581,60
	TOTAIS...		90.404,25

Visto o informe do interventor do día 27 de setembro de 2009, no que emite reparo: a) pola asunción de gastos realizados por clubs de xubilados, alleos ao Concellos e que non gardan con el ningún tipo de relación orgánica ou dependencia, e que non debe asumir o Concello; b) pola falta de capacidade para contratar coas administracións públicas da entidade AGROCAR, C.B.; e c) polo total do gasto xa imputado ao orzamento en concepto de prestación de servizos de telefonía e internet que supera xa o límite establecido para os contratos menores,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo do interventor para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entender que os servizos foron efectivamente executados e por tratarse de bens e instalacións municipais.

Segundo: recoñecer a obriga das facturas relacionadas na **relación número 174**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela.

12.- FACTURA UNIÓN FENOSA

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 27 de outubro de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de agosto de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 8.292,67 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 2009-1622-0.

13.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 de data 8 de outubro de 2009, da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, presentadas pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., asinada polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel. Asemesmo consta no expediente certificación de autorización pola Xunta de Goberno de acopio de materiais solicitado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., por importe de 70.881,10 euros a incluír na certificación nº 1 da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 1 de 8 de outubro de 2009 por importe de 128.909,50 € da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, na que se inclúe o 75% da relación valorada de acopio de materiais por importe de 70.881,10 euros, acopio autorizado en Xunta de Goberno de 26 de outubro de 2009.

Segundo: Aprobar a factura de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. nº 171/09, de data 08/10/09, por un importe de 128.909,50 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 4320.60118.

14.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR URBANIZACIÓN

Visto o escrito presentado por D.^a Sara González González no que expón que obtivo a licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar construída en Carballido-Domaio,

nº de expte. 68/08 e solicita a devolución da fianza depositada para sufragar gastos de urbanización,

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 6 de outubro de 2009,

Visto o informe favorable da tesoureira do 2 de novembro de 2009, á devolución da fianza depositada por D.^a Sara González González e D. Luis Ricardo Arosa Casal, expte. de obra 68/09, por importe de 1.527,21 euros, (nº de documento 2008-170-0),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza por importe de 1.527,21 euros a favor dos seus promotores D.^a Sara González González e D. Luis Ricardo Arosa Casal.

15.- DEVOLUCIÓN FIANZA MOBILIARIO CENTRO TERCEIRA IDADE DE DOMAIO.

Por escrito do 24 de agosto de 2009, PLANITEC solicita a devolución do aval presentado como garantía definitiva para o subministro de mobiliario para o Centro de Terceira Idade de Domaio por importe de 2.232,17 euros e achega fotocopia do documento presentado,

Visto o informe do 2 de novembro de 2009 da tesoureira municipal,

Visto o informe do inspector de obras que indica que o mobiliario foi subministrado na súa totalidade,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución do aval depositado por PLANITEC, S.L. para fianza definitiva pola adxudicación do concurso para o subministro de mobiliario para o centro da 3ª idade de Domaio.

16.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 2 de novembro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentada polas empresas subministradoras Unión Fenosa Distribución, S.A., Unión Fenosa Metra S.L., Cableuropa SAU, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Unión Fenosa Distribución S.A (CIF A82153834)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
AGOSTO 2009	210.589,02	3.158,83
SETEMBRO 2009	216.034,21	3.240,51
TOTAL	426.623,23	6.399,34

***Unión Fenosa Metra S.L (CIF B82549593)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
SETEMBRO 2009	182.025,41	2.730,38

***Cableuropa S.A.U(CIF A62186556)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
3ºTRIMESTRE 2009	945,05	14,18

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as contías das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución S.A. por importe de 6.399,34 euros, Unión Fenosa Metra S.L. por importe de 2.730,38 euros e Cableuropa, SAU por importe de 14,18 euros, polos períodos que se recollen no informe, e notificarlle o acordo aos interesados.

17.- MODIFICACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social do 2 de novembro de 2009 sobre modificación no SAF por baixa dun usuario,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa no Servizo de Axuda no Fogar a D. Francisco Paredes Nogueira dende o día 1 de novembro de 2009.

18.- MATRICULACIÓN CURSO PINTURA 2009-2010

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de setembro de 2009 aprobouse a programación do curso e o período de preinscrición do Curso de Pintura 2009-2010.

Vista proposta do coordinador cultural de data 27 de outubro de 2009, que solicita a aprobación da relación definitiva das persoas que participarán no curso, achegada por Lito Portela, unha vez rematado o prazo para formalizar as preinscricións,

- Diego Jesús Martínez Portela
- María Jesús Portela Diz
- Águeda Chapela Piñeiro
- Nerea Santomé Guisande
- Renata Sierra Castelo
- Carmen Carballido Costas
- Conchi Antepazo Fandiño
- Carmen Portela Piñeiro
- Gonzalo Silva Solla
- Miguel Piñeiro Silva
- Guadalupe Portela Diz
- Andrea Cordeiro Portela
- María Carmen Alonso
- Maira Ferverza
- Susana Santomé Romero
- Martía Teresa Jalda Budiño
- Cinthia Acuña Milsson

A Xunta de Goberno acorda aprobar a relación definitiva das persoas inscritas no curso de Pintura 2009-2010, as cales deberán realizar o pagamento do importe polo primeiro trimestre, 72 euros (24 € por mes), do **15 ao 30 de novembro** de 2009, trasladarlle o acordo á Recadación para a formalización da matrícula.

19.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE LOCAL DESTINADO A CENTRO DE ODONTOLOXÍA E FISIOTERAPIA.

Examinado o expediente para a contratación por concurso, tramitación ordinaria, iniciado por providencia da Alcaldía de data 24 de xullo de 2009 para o aluguer de un local destinado a centro de odontoloxía e fisioterapia e que conta cun orzamento de TRINTA E UN MIL DOUSCENTOS EUROS anuais de renda máxima, IVE incluído (31.200 euros).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de Prescripcóns Técnicas que haberán de rexer para a contratación por concurso e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixa constancia da conveniencia de incluír un estudo de mercado do aluguer e ausencia de valoración da parte do prezo que deriva da repercusión do custo da reforma.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 2 de novembro de 2009, por entender imposible emitir con carácter previo á presentación das ofertas estudo económico sobre a repercusión das reformas a acometer e as características do local que se oferte, sen prexuízo do sometemento a informe de fiscalización previo á adxudicación definitiva.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, por concurso, tramitación ordinaria, para a adxudicación do contrato de aluguer.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescripcóns Técnicas que haberan de rexe-la contratación do aluguer, mediante concurso.

CUARTO.- Publica-lo anuncio de licitación, no no perfil do contratante, e nun diario dos de maior circulación da provincia, deixando constancia de todo elo no expediente.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 2.600,00 euros con cargo á partida 4120.20200 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionn a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
VICTORIANO SANTOMÉ PAZ	Saneamento uso doméstico	Rúa da Praia,4 Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquít. Téc. Mun.
Mª CARMEN RÍOS SANTOMÉ.	Saneamento, uso doméstico	Couso, 29 – Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquít. Téc. Mun.
LÁZARO JACOBO GAYO RÍOS	Saneamento, uso doméstico	Reibón, s/n – Carretera Meira Fraga	Saneamento180 €	Aqualia Arquít. Téc. Mun.
MANUEL COSTA PIÑEIRO	Auga e Saneamento, uso doméstico	Fontés – Tirán, 138	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 € Conexión 180 €	Aqualia Arquít. Téc. Mun.

BENITO DANIEL COSTA PIÑEIRO	Saneamento, uso doméstico	Fonte da Tella, 130 A	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
MARÍA GONZÁLEZ JALDA	Saneamento, uso comercial	Local comercial Seca – Reibón, 5	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
JESUS CURRÁS COSTA	Saneamento, uso doméstico	Doctor José Abal, 40 - Meira	Saneamento.....180 €	
JOSEFA RÚA BARROS	Saneamento, uso doméstico	Riveira, 175 CS	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
SATURNINO SÁNCHEZ MARTÍNEZ	Auga uso doméstico	Ribeira 202 (A Guía)	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
CESAR DOMÍNGUZ PAZOS	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 214, 3º C	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia
JUAN BOSCO MONTENEGRO CABELLO	Auga uso doméstico	Bernardino Graña, 23, 2º D	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia
ENRIQUE GONZÁLEZ FILGUEIRA	Auga uso doméstico	Pura P. Prado, s/n – Portal, 1 – 2º E (urb. O Rosal) - Moaña	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia
CARLOS JUNCAL LORENZO	Auga uso doméstico	Pura P. Prado, s/n – Portal, 2 – 4º D (urb. O Rosal) - Moaña	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia
SANTIAGO SERVIA BLANCO	Auga uso doméstico	Bernardino Graña (Edf. Poza da Moura) portal – 1, 3º B	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia
CARLOS MIGUEZ BERNARDEZ	Auga uso doméstico	O Rosal, polígono II, parcela 36 – edificio Poza da Moura, 2º B.	Dereitos conexión 60 € Fianza 20 €	Aqualia
JOSE RODRÍGUEZ MORAN	Saneamento, uso doméstico	Fanequeira, 90 C - Meira	Xustificante pago dereitos conexión 390,66 € o 30.01.03 por acordo do 20.01.03	
ENRIQUE MANUEL CURRÁS DEL RÍO	Saneamento, uso doméstico	Moureira - Meira	Xustificante de pago mediante transferencia de 60.000 ptas. por “alcantarillado Caeiro” no ano 1992	
JUAN ALVAREZ RUA	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 121 - Meira	Xustificante de pago mediante imposición en Caixanova de 48.400 ptas. por “saneamento Moaña” no ano 2001.	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.